



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Detección e intervención ante a violencia de xénero nos centros de maiores, centros de día e servizos de axuda a domicilio

CONVOCATORIA: Curso monográfico Violencia de xénero

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 17/10/2019 - 08:00h ao 22/10/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Dotar o alumnado de estratexias de actuación co fin de previr, detectar e abordar adecuadamente situacións de violencia de xénero contra mulleres maiores ou con discapacidade dependentes, tanto en centros prestadores de servizos sociais como en servizos de atención domiciliaria.

Esta actividade formativa en materia de violencia de xénero está a ser financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade).

DESTINATARIOS

O curso dirixese ao persoal empregado público das administracións públicas galegas, en situación de servizo activo ou asimilada, que se dedique á atención de persoas maiores ou persoas con discapacidade dependentes, tanto en centros prestadores de servizos sociais como en servizos de atención domiciliaria.

PROGRAMA

Neste curso monográfico trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- Concepto e contexto histórico e social. Aspectos éticos e legais.
- Orixe, análise e diagnóstico da situación.
- Tipos e formas de violencia de xénero. O ciclo da violencia machista.
- Plan de actuación: identificación dos factores de risco, valoración e intervención multidisciplinar e multisectorial.
- Medidas preventivas. Talleres de prevención.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, de acordo cos criterios establecidos no punto 3, persoas destinatarias, da convocatoria publicada no DOG.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Tal como establece o punto 6 da convoatoria:

1. A inscrición nesta actividade formativa só poderá realizarse vía telemática accedendo ao enderezo <https://egap.xunta.gal/matricula>. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez se complete correctamente o proceso de matriculación.

Todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando un certificado acreditativo da súa condición de persoal empregado público dedicado á atención a persoas maiores ou persoas con discapacidade dependentes. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as

tarefas de certificación da Administración en que preste os seus servizos.

Serán excluídas aquelas solicitudes que non acheguen a dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 22 de outubro de 2019.

2. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 28/10/2019 a 05/11/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

M. CARMEN RIVAS FERNANDEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: Os días 04 e 05 de novembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: Os días 28, 29 e 30 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA